

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 8 de xullo de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 08/07/2025
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 08/07/2025
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026
- V. Guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2025/2026
- VI. Guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026
- VII. Guías docentes das materias impartidas na Universidade de Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 29 de maio de 2025.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección [Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola](#), de acceso libre.

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2025/2026.**

A Directora pide desculpas porque xa se aprobou o recoñecemento de horas por actividades nunha sesión anterior e quedou pendente de aprobar a listaxe de persoas responsables de coordinación. Amosa e comenta a proposta.

Coordinación	Responsable
Grado EE	Deive Herva, Francisco Javier
Grado ERME	Feijóo Vázquez, Iria
Máster Universitario EM	Alonso Prieto, Elena Mercedes
Máster Universitario XSA	Araújo Fernández, María
1º curso grados	Feijóo Vázquez, Iria
2º curso grados	Pérez Orozco, Raquel
3º curso Grado EE	Jesús Vence Fernández
4º curso Grado EE	Rodríguez Rodríguez, Ana María
3º y 4º curso Grado ERME	García Bastante, Fernando M ^a
1º curso Máster Universitario EM	García Lomba, Guillermo
2º curso Máster Universitario EM	Cabeza Simó, Marta María
Prácticas externas	Taboada Castro, Javier
Apoio TIC	Joaquín Martínez Sánchez
Seguimento persoas egresadas	Liz Marzán, Eduardo
Plan de Acción Titorial e ANEAE	Rodríguez Rodríguez, Ana María
Calidade	García Lomba, Guillermo
Enlace Igualdade	María Pazo Rodríguez
Divulgación científica	Pérez Orozco, Raquel
Enlace Galeguización	Pérez Orozco, Raquel

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento as persoas coordinadoras para o curso 2025-2026.

Agradece o labor realizado ás persoas que finalizan: Pablo Eguía Oller, como coordinador de curso, e Generosa Fernández Manín, como enlace de igualdade, e da a benvinda ás novas incorporacións: Jesús Vence, María Pazo e Joaquín Martínez.

4. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen lembra que a proposta se achegou con antelación (Anexo IV). Comeza indicando que na CAM do Máster en Enxeñaría de Minas vense de aplicar un intercambio de datas entre os exames de dúas materias na primeira oportunidade do segundo cuatrimestre, polo que informa sobre o cambio das datas para que se tome en consideración como proposta do centro. Pide ao profesorado que o revise con coidado por se hai algún erro.

Aclara que nas titulacións de grao xa non hai exames do plan en extinción, explica a organización da convocatoria fin de carreira, precisa a asignación de aulas para as PAU, e salienta que nos horarios dos exames están marcados en vermello os “non estándar”. Agradece ao persoal de conserxería a revisión que fixo detectando varios erros na proposta inicial.

Raquel P. Orozco, como titora de 2º curso, propón separar un pouco máis os exames das materias “Tecnoloxía Medioambiental” e “Enxeñaría Mecánica”, na primeira oportunidade do segundo cuadrimestre. Proponse facer uns intercambios de datas que se recollen na versión definitiva do calendario de exames.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, o calendario de exames cos cambios propostos.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2025/2026.

A Directora cede a palabra a Iria Feijóo, coordinadora do GERME, quen comenta o traballo realizado, de xeito coordinado con Francisco Deive, coordinador do GEE, para a elaboración das guías docentes das titulacións de grao (Anexo V). Sinala que as poucas modificacións solicitadas polo profesorado foron, na súa meirande parte, para adaptar os sistemas de avaliación das materias do primeiro curso á semana de exames con dúas probas parciais.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes das titulacións de grao.

A Directora agradece o traballo realizado por Iria Feijóo e a Fran Deive na xestión e revisión das guías e a colaboración de todo o profesorado coordinador das materias.

6. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026.

A Directora lembra que no próximo curso se imparte por primeira vez o segundo curso do plan novo e indica que se tardou en poder iniciar o proceso debido a problemas co enforcado dos datos en DOCNET (profesorado e persoas coordinadoras incorrectas), polo que o tempo dispoñible resultou escaso.

Sinala que se estableceron os seguintes procedementos

- Materias de 1º: introdución das posibles modificacións por Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM, sen abrir as guías salvo nos casos nos que se considerase necesario.
- Materias de 2º análogas a materias do plan vello: importación da guía do curso anterior e adaptación á memoria de verificación do novo plan polas persoas coordinadoras das materias. Estas guías foron supervisadas por Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM.
- Materias de 2º totalmente novas ou con cambios importantes: elaboración da guía dende cero polas persoas coordinadoras das materias. Estas guías foron supervisadas por Guillermo García e Elena Alonso, coordinadora do MUEM.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, quen comenta as guías docentes propostas achegadas (Anexo VI). Sinala que os principais aspectos revisados foron os novos resultados de aprendizaxe de cada materia (coñecementos, habilidades e competencias) e a súa asignación aos resultados previstos nela, a planificación e o seu axuste ás fichas das materias na memoria de verificación, os sistemas de avaliación e os requisitos esixidos ás materias que se incorporaron ao programa *English friendly*.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías da titulación. A Directora agradece a Guillermo García o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias impartidas na Universidade de Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora da titulación, quen sinala que as guías docentes achegadas son as correspondentes ás materias que se imparten na Universidade de Vigo (Anexo VII). Aclara que non houbo cambios significativos agás unha materia que saíu do programa *English Friendly* e as adaptacións das materias “Prácticas Externas” e “Traballo Fin de Máster” ás normativas aprobadas este curso. Engade que as guías das materias impartidas na USC xa foron aprobadas fai tempo e se recollen mediante ligazóns; por contra, as impartidas na UDC aínda teñen prazo ata o 30 de xullo.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías da titulación.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado na elaboración das guías e na coordinación coas outras universidades.

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

9. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 33 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de xullo de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 08/07/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o martes, 8 de xullo de 2025.

A reunión terá lugar na Aula **M213**, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 29 de maio de 2025.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2025/2026
- 4) Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026.
- 5) Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2025/2026.
- 6) Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026.
- 7) Aprobación, se procede, das guías docentes das materias impartidas na Universidade de Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.
- 8) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 9) Rogos e preguntas.

Vigo, 1 de xullo de 2025

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-0636-a938-c23b-9917-7390-fe80-702a-3954

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/ptf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 01/07/2025 11:55 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 08/07/2025

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 08/07/2025

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Andrés Herguedas, Laura
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Diez Ferrer, José Bienvenido
6. Domínguez Santiago, Ángeles
7. Eguía Oller, Pablo
8. García Bastante, Fernando
9. García Lomba, Guillermo
10. Giráldez Pérez, Eduardo
11. González Rodríguez, Elena
12. Guitián Saco, M^a Beatriz
13. Liz Marzán, Eduardo
14. Patiño Vilas, David
15. Pazo Rodríguez, María
16. Pérez Orozco, Raquel
17. Pérez Pérez, M^a Carmen
18. Pozo Antonio, José Santiago
19. Rivas Brea, Teresa
20. Rodríguez Rodríguez, Ana María
21. Saavedra González, Ángeles
22. Taboada Castro, Javier
23. Vijande López, Javier

Alumnado

Persoal de Administración e Servizos

24. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Alejano Monge, Leandro
- Vázquez Dorrión, José Benito

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola
de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico
2025/2026

ANEXO V

Guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos
Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía
para o curso académico 2025/2026

ANEXO VI

Guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de
Minas para o curso académico 2025/2026

ANEXO VII

Guías docentes das materias impartidas na Universidade de
Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da
Auga para o curso académico 2025/2026